



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santa Mariña de Esteiro. Extensión: 5,79 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla chaira litoral que debido á súa baixa altura, permite a intrusión mariña no val do río Maior, colector principal que recolle as augas fluviais dos leitos que compoñen a cunca hidrográfica da unidade. A suave morfloxía da chaira prolóngase cara ao norte por medio do val deste río, que se vai encaixando progresivamente no relevo ata conformar un canón con vertentes que alcanzan o 30 -40% de desnivel.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A área repártese entre catro unidades litolóxicas diferentes: ao norte, unha granodiorita biotítica Tipo Pando, do Tardiherciniano; ao nordeste, un sector con ortogneis biotítico blastomilonítico, máis antigo; no resto da unidade paisaxística un granito herciniano (por iso, en idade, entre as dúas anteriores especies) de dúas micas de gran medio a goso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza. Por último, na zona herciniana aparecen varios lentellóns con orientación NNO. -SSE., de xistos con niveis de cuarcitas, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, con idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario presenta importancia na parte central, no fondo do esteiro, onde a frecha praireira con dunas achega sedimentos areosos holocenos, aos que acompañan os de marisma e de chaira intermareal tras a formación areosa. Por último, o Río Maior contén materiais aluviais no fondo do seu val, especialmente na súa parte baixa.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A costa de Esteiro caracterízase por unha temperatura media anual que supera os 15° C e precipitacións medias acumuladas de 1200 mm a 1400 mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. O ambiente climático é polo tanto Cálido e Húmido pero cunha variante Moi Húmida no extremo occidental da unidade, entre As Peñouquiñas e Pedra do Cadro, onde se rexistran as maiores precipitacións que poden alcanzar os 1600 mm.

OS SOLOS

Solos incipientes de escaso espesor e nos que con frecuencia aflora o substrato rochoso do tipo leptosol lítico e regosol nas partes altas da cunca do Río Maior, fundamentalmente nos montes das Penouquiñas, Pedra do Cadro e Pedra Negra da Castañeira. Nas ladeiras os solos están máis desenvolvidos localizándose umbrisoles que evolucionan a cambisoles dísticos na parte baixa do val. O fondo do esteiro presenta solos relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-mariña do tipo fluvisol sálico e tiónico e arenoles nas áreas sedimentarias da desembocadura.


AS AUGAS

Na confluencia das augas fluviais coas Augas Costeiras 20174 da Ría de Muros e Noia, destaca unha masa de Augas de Transición no esteiro do río Maior (20463). A esta chegan os principais leitos colectores da rede hidrográfica da unidade, destacando o mencionado río Maior polo norte, co arroyo Arestíño como afluente principal.

O PATRIMONIO NATURAL

Esteiro con grande importancia dos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados e pequenos sectores de marismas ao fondo deste (grupo 13). A frecha, a Praia de Esteiro, ten dunas moi degradadas integrables nos hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. Importantes bosques de ribeira (91 E 0) no curso do Río Maior e parte baixa do seu afluente Arestíño. Tamén aparecen masas deste tipo nas proximidades do esteiro, especialmente entre Solleiros e A Ribeira de Creo. Non faltan os rodais de frondosas de recolonización nas zonas de tradición agrícola próximas ao esteiro. Unha masa mixta na ladeira da parroquia de Santa María de Esteiro podería derivar de antigas carballeiras (9230) e soutos (9260). Nas ladeiras e partes altas, fóra dos eucaliptais, aparece o grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, acompañado polas Breixeiras secas europeas (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio do uso forestal nas ladeiras montañosas que ocupan gran parte da superficie da unidade, estas ladeiras verten as augas de varios arroyos ao val, o río Maior actúa como eixe central recollendo estas augas e conservando abundante vexetación ripícola no seu percorrido ata a chaira costeira, onde se forma o esteiro. Arredor deste desenvóléronse os asentamentos tanto do tipo tradicional vinculados ao escaso parcelario agrícola como outros de maior funcionalidade de tipo rotacional e equipamentos, os diversos areais constituídos por praias e unha singular formación dunar actúan como reclamo turístico. Esta circunstancia é aproveitada para crear zonas de espaxamento e áreas recreativas no contorno. A enseada de Esteiro é aproveitada para a explotación do uso marisqueiro. Isto permitiu o establecemento da industria conserveira predominante en toda a comarca coa instalación de naves e peiraos e embarcadoiros.

MORFOLOXÍA

Debido ao accidentado relevo das montañas, os diversos asentamentos sitúanse no val polo que transcorre o río Maior e na franxa costeira arredor do esteiro. Os núcleos tradicionais relaciónanse co escaso parcelario agrícola que circunda a chaira costeira ao pé das montañas. Estas edificacións responden na súa maioría á morfopoloxía tradicional, aínda que a desorde territorial permite que naves industriais e algún equipamento se mesture con este solo de carácter rural. Na franxa litoral prodúcese unha alteración deste modelo ocupacional, en forma de edificacións máis compactas e de maior volume, así como diversos equipamentos do tipo educativo, deportivo e naves industriais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 actúa como eixe principal da comarca bordeando a liña costeira. Para salvar o esteiro destaca a ponte de Esteiro neste mesmo trazado e outra ponte que forma parte dun paseo marítimo de uso peonil que atravesa o sistema dunar. Outras estradas como a AC-5305 e a AC-6301 conforman xunto coa AC-550 a rede principal comunicando así os distintos asentamentos. Destacar a existencia dunha rede de pistas e camiños que transcorren entre as ladeiras montañosas e o parcelario agrícola. Na fachada costeira existen numerosos accesos empedrados e escaleiras que serven de acceso ás embarcacións repartidas por todo o esteiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural sitúase próximo á franxa costeira. Compóñeno diversas edificacións da arquitectura civil e relixiosa: algunhas casas, a Igrexa vella de Esteiro e a capela de San Xosé de Esteiro. No núcleo rural de Solleiros elementos tradicionais como un cruceiro, unha fonte e un pombal. As festas de Santa Mariña celébranse o 18 de xullo xunto coa pintoresca "carreira de carrilanas" na que o enxeño se mostra cos máis disparatados vehículos sen motor, construídos de forma artesanal, descendendo unha vertixinosa pendente ata chegar á aldea de Esteiro. Cada ano reúne miles de persoas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A variada configuración fisiográfica converte esta unidade nunha complexa paisaxe. Por un lado a ampla chaira litoral de baixa altura asociada ao río Maior fúndese coas augas mariñas da enseada de Esteiro, creando un espazo propicio para a explotación das actividades turísticas grazas aos excelsos areais existentes e sendo ademais o ámbito sobre o que se apoia o sector pesqueiro relacionado co resto da comarca. Este val asociado ao leito do río penetra cara ao norte estreitándose entre as ladeiras montañosas. Esta quebrada organización da paisaxe contrasta coa visión do esteiro na fachada costeira proporcionando unha singular paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As pequenas embarcacións tradicionais salpican a paisaxe do esteiro, dotado con embarcadiros e pequenas dársenas, reflexo da marcada tradición mariñeira das poboacións desta comarca. O esteiro permanece resgardado pola barreira natural que constitúe a praia de Esteiro, constituíndo o maior atractivo turístico da unidade que é aproveitado para o uso hostaleiro para degustar as excelencias gastronómicas da ría de Muros. O espazo aberto xerado polo val que circunda o río Maior, adquire un carácter marcadamente montañoso cara ao norte, coa visión das elevadas pendentes das ladeiras contrastando coa paisaxe que ofrece a chaira costeira. A conxunción de todos estes elementos constitúe unha unidade pintoresca e de singular beleza, única e digna de ser observada para admirar a gran variedade de paisaxes que a conforman. Pódese obter unha boa visión panorámica dende o alto do Pedregal e mesmo dende o areal de Esteiro grazas á amplitude visual que ofrece a chaira costeira. Dende o punto de vista ecolóxico o Esteiro posúe hábitats de grande importancia. Os núcleos rurais achegan elementos tradicionais do patrimonio cultural que se ven apoiados coas festas populares. Estas celebracións combinan os costumes tradicionais con outras de carácter máis lúdico, achegando un alto valor engadido dende o punto de vista turístico. O punto de observación no alto do Pedregal e os detectados no areal de Esteiro permiten obter unha fermosa panorámica do conxunto da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



